

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 23 de xuño de 2025**

Con data vinte e tres de xuño do ano dous mil vinte e cinco, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luis Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. César Manuel Fernández Gil

D. Plácido Álvarez Dobaño

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

Excusa a súa ausencia María Teresa Barge Bello.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2025 (Exp. 2025/21Y/XGL).

- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de xuño de 2025. Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO DE REBORDECHAU, NO TERMO MUNICIPAL DE VILARDEBARRIO. (Exp. 2025/2427F).

-De conformidade co Dictame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º.- Responder as alegacións formuladas polos propietarios no trámite de información pública, en base aos informes técnicos emitidos polo autor do proxecto, cuxo teor literal é o seguinte:

"INFORME ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR D^a DOLORES BLANCO GÓMEZ SOBRE O PREDIO Nº 1 e 2 DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN.

ALEGACIÓN PRIMEIRA:

Nada que informar.

ALEGACIÓN SEGUNDA:

En primeiro lugar: á parcela na que se situará a nova EDAR de Rebordechau chega un viario municipal que discorre, primeiramente, pavimentado entre edificacións moi próximas entre si, e finalmente, sen pavimentar entre muros de cachotería igualmente próximos entre si. Ao considerar que o dito viario de acceso no resultaría transitable nin pola maquinaria de obra necesaria durante a fase de execución da EDAR, nin pola maquinaria de mantemento necesaria durante a fase de explotación desta, o Concello de Vilar de Barrio encargou no seu día á empresa E.I.C. DURÁN, SL, a redacción dun proxecto construtivo que, entre outros traballos, desenvólvese técnica y economicamente a execución dun novo acceso á EDAR futura discorrendo por un trazado proposto polo Concello, a expensas de obter este a dispoñibilidade dos terreos necesarios para levar a cabo a dita execución.

En segundo lugar: segundo fontes municipais, á EDAR actualmente existente na marxe esquerda do río Arnoia chegan dúas canalizacións de saneamento: a primeira, reflectida nos planos de información do PXOM de Vilar de Barrio (plano nº i.29.2), conéctase á rede de saneamento proxectada no pozo de rexistro PR-101; a segunda, non reflectida nos planos de información do PXOM de Vilar de Barrio, conéctase á rede de saneamento proxectada no pozo de rexistro PR-104.

ALEGACIÓN TERCEIRA:

En el Anexo nº 3 "Planeamento urbanístico" do proxecto inclúese, a título indicativo, a cualificación urbanística dos terreos afectados polas obras á vista dos planos de ordenación do PXOM de Vilar de Barrio (plano nº C.V.13), correspondéndolle ao Concello de Vilar de Barrio a emisión do preceptivo informe de compatibilidade urbanística municipal sobre a execución das obras.

Así mesmo, no Anexo nº 4 "Afecciones sectoriais" do proxecto inclúense, a título indicativo, as afecciones sectoriais detectadas á vista dos planos do Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado por Decreto 83/2018, do 26 de xullo, de novo correspondéndolle ao Concello de Vilar de Barrio a solicitude dos informes e/ou autorizacións sectoriais que considere procedentes sobre a execución das obras.

Neste sentido, constátase que nos planos do Plan Básico Autonómico no veñen reflectidos nin o contorno da zona de protección arquitectónica nin as "pallozas" mencionadas nesta

alegación.

Á vista das alegacións e do informe procede desestimar as alegacións formuladas.

INFORME ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR D^a ANA BELÉN LÓPEZ BAZ SOBRE O PREDIO Nº 36 DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN.

Non existe nada que responder posto que as alegacións presentadas carecen de contido xurídico ou técnico.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no *artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, das obras de “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EN REBORDECHAU”, no termo municipal de Vilar de Barrio*, cuxo proxecto foi aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vilar de Barrio na sesión extraordinaria que tivo lugar na data 14 de febreiro de 2025.

3º.- Excluir da expropiación as parcelas do expediente expropiatorio nº 7, 15, 29 por terse chegado a un mutuo acordo cos propietarios.

4º.- Acordar definitivamente, ao abeiro do disposto polo artigo 130.1 del Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e do 29.1 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia a **NECESIDADE DE OCUPACIÓN, CON CARÁCTER URGENTE**, dos bens e dereitos necesarios para execución das obras **“MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EN REBORDECHAU”, no termo municipal de Vilar de Barrio**, para os efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, *de acordo co previsto no artigo 21 da Lei, do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e de conformidade co reflectido no cadro seguinte:*

Finca	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietarios	Cultivo	Dominio
01	40	817	32090A040008170000HE	FERNANDEZ BASALO TOMAS BLANCO GOMEZ DOLORES	PD Prados o praderas	21,62
02	40	138	32090A040001380000HK	BLANCO GOMEZ DOLORES	MT Matorral	26,68
03	40	137	32090A040001370000HO	FERNANDEZ GOMEZ JOSE LUIS	MT Matorral	35,63
04	40	136	32090A040001360000HM	GOMEZ GONZALEZ NELIDA	MT Matorral	21,36
05	40	135	32090A040001350000HF	QUEIJA BASALO HERMESINDA	MT Matorral	29,22
06	40	134	32090A040001340000HT	GOMEZ PEREZ ADELINO	MT Matorral	22,36
07	40	133	32090A040001330000HL	BASALO BLANCO ISABEL (HEREDEROS DE)	MT Matorral	25,09
08	40	132	32090A040001320000HP	QUEIJA BASALO	C Labor o labradío	32,79

				HERMESINDA	secano	
09	40	131	32090A040001310000HQ	BLANCO DIEGUEZ JULIA	C Labor o labradío secano	65,64
10	40	130	32090A040001300000HG	BLANCO GOMEZ JUAN BLANCO GOMEZ ELSEARIO	C Labor o labradío secano	34,53
11	40	129	32090A040001290000HP	GOMEZ GOMEZ CAMILA	C Labor o labradío secano	28,18
12	40	128	32090A040001280000HQ	BASALO BLANCO JUAN (HEREDEROS)	C Labor o labradío secano	35,53
13	40	127	32090A040001270000HG	BASALO BLANCO JOSE	C Labor o labradío secano	56,76
14	40	124	32090A040001240000HA	BASALO BLANCO JOSE	C Labor o labradío secano	21,01
15	40	123	32090A040001230000HW	BASALO ALBAR AMALIA	C Labor o labradío secano	21,15
16	40	122	32090A040001220000HH	FERNANDEZ GOMEZ MANUEL	C Labor o labradío secano	20,91
17	40	116	32090A040001160000HS	BASALO BLANCO MANUEL	C Labor o labradío secano	72,05
18	40	114	32090A040001140000HJ	BASALO GUERRA SILVERIO (HEREDEROS DE)	C Labor o labradío secano	20,77
19	40	112	32090A040001120000HX	BLANCO PEÑA SAMUEL	C Labor o labradío secano	13,84
20	40	111	32090A040001110000HD	BASALO GUERRA SILVERIO (HEREDEROS DE)	C Labor o labradío secano	42,92
21	40	110	32090A040001100000HR	FERNANDEZ BASALO TOMAS	C Labor o labradío secano	42,09
22	40	107	32090A040001070000HR	GOMEZ GOMEZ DELFINA (HEREDEROS DE)	C Labor o labradío secano	55,88
23	40	106	32090A040001060000HK	BASALO GOMEZ DELFIN	C Labor (tierra arable)	44,92
24	40	104	32090A040001040000HM	GOMEZ GOMEZ MARIA JOSEFA	C Labor (tierra arable)	39,89
25	40	101	32090A040001010000HL	BLANCO FERNANDEZ EDELMIRO	C Labor o labradío secano	26,31
26	40	102	32090A040001020000HT	BLANCO FERNANDEZ ANA (HEREDEROS)	C Labor o labradío secano	22,92

				DE)		
27	40	99	32090A040000990000HP	GOMEZ GOMEZ MARIA (HEREDEROS DE)	C Labor o labradío secano	158,47
28	40	96	32090A040000960000HY	SAN MIGUEL SAN MIGUEL ANTONIO	PD Prado	46,85
29	40	95	32090A040000950000HB	BASALO BLANCO ISABEL (HEREDEROS DE)	PD Prado	31,05
30	40	94	32090A040000940000HA	GOMEZ GOMEZ MARIA (HEREDEROS DE)	PD Prado	32,52
31	40	93	32090A040000930000HW	GOMEZ GOMEZ CELSA (HEREDEROS DE)	PD Prado	36,02
32	40	92	32090A040000920000HH	FERNANDEZ FERNANDEZ OBDULIA	PD Prado	23,70
33	40	91	32090A040000910000HU	REQUEJO FERNANDEZ DOLORES (HEREDEROS DE)	PD Prados o praderas	36,48
34	40	89	32090A040000890000HH	BASALO GUERRA SILVERIO (HEREDEROS DE)	PD Prados o praderas	7,70
35	40	88	32090A040000880000HU	GOMEZ FERNANDEZ ROSA	PD Prados o praderas	120,09
36	40	86	32090A040000860000HS	BASALO GOMEZ DELFIN LOPEZ BAZ ANA BELEN	PD Prados o praderas	92,18
37	40	85	32090A040000850000HE	GOMEZ PARENTE RAUL	PD Prados o praderas	272,93
38	40	84	32090A040000840000HJ	BLANCO FERNANDEZ ANA (HEREDEROS DE)	PD Prados o praderas	3,47
39	40	43	32090A040000430000HO	BASALO BLANCO JOSE	C Labor o labradío secano	15,93
40	40	44	32090A040000440000HK	BLANCO GOMEZ JUAN BLANCO GOMEZ ELSEARIO	C Labor o labradío secano	153,41

41	40	41	32090A040000410000HF	BASALO GUERRA SILVERIO (HEREDEROS DE)	C Labor (tierra arable)	87,02
42	40	40	32090A040000400000HT	BASALO GOMEZ PILAR	C Labor (tierra arable)	39,96

5º.- Notificar esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

3º APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO REPARTO DE USO DE ESPAZOS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ” DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (Exp. 2025/16975C).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as Bases reguladoras do reparto de uso dos espazos do Pazo dos Deportes “Paco Paz” durante a tempada deportida 2025-2026, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é comunicar, a apertura do prazo de presentación de solicitudes de uso dos espazo deportivos do Pazo dos deportes “Paco Paz” durante a tempada deportiva 25/26, así como establecer a regulación da tramitación e resolución das mesmas.

SEGUNDA. TIPOS DE USO

1.- De conformidade co disposto no artigo 5, parágrafo sete, apartado cuarto, do Regulamento de organización, utilización e normas para usuarios do Pazo dos Deportes “Paco Paz” (BOP nº107 de data 11 de maio de 2023), existen os seguintes tipos de uso:

- Uso para toda a tempada deportiva por parte das entidades deportivas con sede social na provincia de Ourense definidas polo artigo 41 da Lei do Deporte de Galicia, é dicir, clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas, e as federacións deportivas. Tamén poderán solicitar este uso as Sociedades Anónimas Deportivas con sede social na provincia de Ourense.
- Uso puntual por parte de entidades deportivas, federacións deportivas, centros escolares ou sociedades anónimas deportivas que se concerta directamente coas oficinas administrativas do Pazo dos Deportes. Neste tipo de uso, o espazo e horario de uso é o estrictamente autorizado polo Servizo de Deportes, o cal determinará a hora de acceso e saída da pista.
- Uso durante a fin de semana por parte de entidades deportivas, federacións deportivas ou sociedades anónimas deportivas para o deporte de competición federado.

TERCEIRA. SUXEITOS E REQUISITOS

1.- Poderán solicitar o uso para toda a tempada deportiva, dos espazos do Pazo dos Deportes “Paco Paz” os seguintes suxeitos:

- a. Entidades deportivas definidas polo artigo 41 da Lei do Deporte de Galicia: clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas e federacións
- b. Sociedades Anónimas deportivas con sede social na Provincia de Ourense.

2.- Os suxeitos solicitantes do uso deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Atoparse inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Realizar actividades deportivas cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competición desenvoltas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola administración deportiva ou educativa.
- Estar en posesión dunha póliza de responsabilidade civil (RC) con vixencia durante o período de uso do espazo solicitado.
- Ter sede social na provincia de Ourense.
- Non ter debidas pendentes coa Deputación de Ourense.

3.- En todo caso, as persoas que fagan uso dos espazos cedidos deben estar vinculadas á entidade beneficiaria da cesión, ben mediante relación contractual ou estatutaria ou ben mediante licenza federativa. Así mesmo, deberán dispoñer da necesaria cobertura de asistencia sanitaria, ben mediante a correspondente licenza federativa ou a través de póliza de accidentes deportivos.

CUARTA. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

1.- Tanto o reparto de horas como o uso dos distintos espazos deportivos deberá realizarse repetando as Bases reguladoras desta convocatoria, e en todo caso a normativa vixente que se reflicte a continuación:

- I. Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das bases do réxime local.
- II. Real Decreto 1372/1986, do 13 de Xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.
- III. Lei 5/1997, de 22 de Xullo, da administración local de Galicia.
- IV. Lei 33/2003, do 3 de Novembro, do patrimonio das administracións públicas.
- V. Lei 3/2012, de 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- VI. Lei 10/2017, do 27 de Decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- VII. Ordenanza reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos deportes Paco Paz. (BOP nº107 de data 11 de maio de 2023)
- VIII. Regulamento de organización, utilización e normas para usuarios do Pazo dos Deportes “Paco Paz”. (BOP nº107 de data 11 de maio de 2023)

QUINTA. ESPAZOS DA INSTALACIÓN OFERTADOS

1.- Os espazos deportivos ofertados son os seguintes:

- a) Pavillón auxiliar (pista completa ou media pista)
- b) Pavillón principal (pista completa ou media pista)
- c) Tras rede en ambos fondos do pavillón principal
- d) Salas de uso polivalente e corredoiros

SEXTA. HORARIOS DE USO DA INSTALACIÓN

- 1.- Como norma xeral, repartiranse horas entre as entidades solicitantes, de luns a venres entre aquelas horas que non estean reservadas polo Servizo de Deportes para o desenvolvemento do seu programa de actividades.
- 2.- No Pazo dos Deportes “Paco Paz”, existen na actualidade horas dispoñibles que se poden ofertar para uso deportivo. Non obstante, ao longo do ano poderanse modificar as horas asignadas ás entidades beneficiarias da cesión, ben para dar cobertura a competición deportivas ou ben para a realización de eventos que se teñan que realizar nas instalacións.
- 3.- En todo caso, respetarase o dereito preferente da Deputación Provincial de Ourense no uso de todas as instalacións da súa propiedade.

SETIMA. ASIGNACIÓN DE HORAS E CRITERIOS DE BAREMACIÓN:

- 1.- Como norma xeral, todas as entidades deportivas con sede social ou delegación na provincia de Ourense terán dereito a solicitar o uso de espazos nesta instalación deportiva. Non obstante, aquelas entidades que practiquen actividades deportivas que polas súas características ou medios empregados, deterioren ou modifiquen gravemente o pavimento deportivo da instalación ou afecten o mantemento e durabilidade do mesmo quedarán excluídas do proceso de baremación e non se lle asignarán horas no reparto definitivo.
- 2.- En calquera caso, tratarase de asignar tantas horas como sexa posible dentro das solicitadas. O número de horas asignado poderá ser inferior ao solicitado. Así mesmo poderanse asignar horas fora das solicitadas pola entidade.
- 3.- No caso de que haxa dúas ou máis solicitudes coa mesma preferencia, é dicir, solicitando as mesmas horas e os mesmos días, intentarase conseguir a equidade no reparto de horas entre as entidades solicitantes, tendo en conta os seguintes criterios:
 - a) Optimización do uso da instalación.
 - b) Nivel da competición do equipo máis representativo da entidade.
 - c) Número total de licenzas federativas.Importante. As licenzas federativas que se terán en conta son as da última tempada deportiva, é dicir, as da tempada 2024-2025.
- d) Dispoñibilidade doutras instalacións deportivas para os adestramentos e competicións.
- 4.- No suposto previsto no apartado terceiro desta Base e a vista da aplicación dos criterios expostos, o Servizo de Deportes poderá determinar a envergadura ou importancia das entidades solicitantes, entendendo que a maior envergadura e importancia precisa máis número de horas para adestramentos.

OITAVA. PROCEDEMENTO

- 1.- O procedemento para asignación de horas nos distintos espazos do Pazo dos Deportes “Paco Paz” pretende garantir o reparto máis equilibrado e equitativo posible, entre todas as entidades solicitantes. O procedemento será o determinado nos seguintes apartados:
 - a) As entidades deberán solicitar os horarios que se axusten ás súas necesidades. A solicitude estará dispoñible para a súa descarga na páxina web do Servizo de Deportes, www.pazopacopaz.es, na sede electrónica da Deputación de Ourense <http://www.sede.depourense.es/> e no BOP de Ourense onde se publique a convocatoria

destas Bases.

b) As entidades poderán presentar as súas solicitudes a partires do día seguinte ao da publicación da convocatoria destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, rematando o prazo de presentación o 2 de setembro de 2025 (inclusive)

c) As solicitudes presentaranse, de xeito telemático, no Rexistro Xeral da sede electrónica da Deputación de Ourense, <http://www.sede.depourense.es/>

d) Xunto coa solicitude as entidades solicitantes do uso, deberán achegar a seguinte documentación:

- Declaración responsable da entidade relativa o feito de que dispón dunha póliza de responsabilidade civil (RC) actualizada ao período de uso solicitado na instalación.
- Declaración responsable da entidade relativa ao feito de que todas as persoas vinculadas a mesma, dispoñen de licenza federativa ou da necesaria póliza de accidentes deportivos.
- Declaración responsable da entidade relativa ao feito de que utiliza outras instalacións deportivas, propias ou cedidas de xeito gratuito, ou que non dispón de instalacións para os adestramentos.

2.- Logo de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, os técnicos do Servizo de Deportes realizarán un examen das mesmas e tras os informes pertinentes, a Xunta de Goberno da Deputación de Ourense, resolverá definitivamente a convocatoria de uso dos espazo deportivos do Pazo dos deportes “Paco Paz” durante a tempada deportiva 2025-2026, publicándose a devandita resolución no BOP de Ourense, na páxina web do Servizo de Deportes www.pacopaz.es e na sede electrónica da Deputación de Ourense <http://www.sede.depourense.es/>

5.- A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse, dende a data da súa publicación, no prazo dun mes, o recurso potestativo de reposición, ou, no prazo de dous meses, o recurso contencioso administrativo

NOVENA. NORMAS E RÉXIME DOS USOS

1.-A Deputación de Ourense estará facultada para a modificación ou suspensión puntual dos usos adxudicados, sen que a entidade afectada teña dereito a ningunha compensación. Para elo, o servizo de Deportes comunicarlle tal circunstancia á entidade, ao correo electrónico facilitado na súa solicitude, cunha antelación mínima de dous días e indicarlle o motivo de suspensión ou modificación.

2.- A distribución dos usos para adestramentos non faculta á entidade para poder realizar una competición deportiva dentro dos días e horarios asignados. No caso de que se teña que realizar unha competición deportiva deberá solicitar autorización, con antelación suficiente, ao Servizo de Deportes.

3.- Os usos concedidos estarán vixentes dende o día 1 de outubro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026.

4.- Os adxudicatarios obriganse a utilizar as instalacións nos termos que lle foron concedidos. No caso de que non poidan utilizar as instalación de forma temporal deberán comunicalo ao correo electrónico deportes@depourense.gal, do Servizo de Deportes, o cal estará facultado para asignar libremente as horas que non se van a usar. Esta comunicación

de ausencia temporal, deberá facerse cunha antelación mínima de 2 días. No caso de que a entidade beneficiaria non comunique a súa ausencia temporal e polo tanto, non faga uso dos espazos asignados, durante tres días dentro do período de uso concedido, considerarase que existe infrautilización da instalación, dando lugar a revogación da autorización de uso.

5.- O persoal do Servizo de Deportes levará un control exhaustivo do uso da instalación deportiva por parte das entidades que o teñen concedido.

6.- A entidade non poderá transferir total ou parcialmente a terceiros alleos á mesma, os usos concedidos nin desenvolver unha actividade distinta á que describiu na súa solicitude de participación na presente convocatoria, salvo que para isto último conte coa autorización expresa do Servizo de Deportes

7.- É obrigatorio a asistencia das persoas adestradoras, delegadas ou directivas, técnicos sanitarios do club, maiores de idade, durante o desenvolvemento do adestramento ,uso das salas, ximnasios e no uso dos vestiarios. En ningún caso poderá delegarse en deportistas ou nunha terceira persoa.

8.- No suposto de que se produzan cambios ou calquera modificación nos datos da solicitude, as entidades terán que comunicalo ao correo electrónico do Servizo de Deportes, deportes@depourense.gal.

9.- As entidades beneficiarias asumirán os danos que se ocasionen a terceiros ou aos propios bens da instalación deportiva, con motivo da devandita utilización da mesma.

10.- Ademais do previsto para os supostos de infrautilización, as entidades que teñan autorizado o uso dos distintos espazos deportivos da instalación, que incumpran calquera outras normas de uso previstas nestas Bases, serán obxecto do correspondente procedemento que poderá rematar co apercibimento ou revogación do uso autorizado.

DECIMA. RÉXIME DE PROTECCIÓN DE DATOS

1.- Os datos persoais facilitados polas persoas usuarias incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense, e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e coa Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e de garantía dos dereitos dixitais.

2.- A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigação legal e/ou o cumprimento dunha misión realizada en interese público. O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.

3.- Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, s e é o caso, tras o consentimento previo da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación

4.- As persoas cuxos datos persoais sexan tratados por esta Administración poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd@depourense.es.

5.- Así mesmo, os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

E canto cabe informar, aos efector de tramitar o reparto de uso dos espazos deportivos desta instalación, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.

2º.- Os anexos aos que fan referencia as citadas bases figuran, para coñecemento e efectos oportunos, no Servizo de Deportes de esta Deputación e publicaranse, xunto co pertinente acordó, no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- Ordenar a publicación das referidas bases e o correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

4º SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE AMOEIRO PARA HUMANIZACIÓN PRAZA DA CONCORDIA (Exp. 2024/15687R).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Amoeiro, nos seguintes termos:

-Importe: 95.000,00 euros.

-Obxecto: Humanización Praza da Concordia.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (103.332,46 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2025.

5º SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE BANDE PARA MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL (Exp. 2025/14437N).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Bande, nos seguintes termos:

-Importe: 4.000,00 euros.

-Obxecto: Mantemento de campo de fútbol.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (4.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o

reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

6º SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CARBALLIÑO PARA PREMIO ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ XL EDICIÓN (Exp. 2025/14485Z) .- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Carballiño, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 euros.

-Obxecto: Premio Antón Losada Diéguez- XL Edición.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (12.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da

intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7º SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DA GUDIÑA, PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO GES (Exp. 2025/14493E) .- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello da Gudiña, nos seguintes termos:

-Importe: 40.000,00 euros.

-Obxecto: Gastos de funcionamento GES.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (40.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

8º SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BALONCESTO, PARA GASTOS PARTIDO ESPAÑA-ESLOVAQUIA AÑO 2024 (Exp. 14574B) .- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Entidade Federación Española de Baloncesto, nos seguintes termos:

-Importe: 121.000,00 euros.

-Obxecto: “gastos partido España-Eslovaquia ano 2024”.

-Xustificación: a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida (121.000,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso

acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

